La edificación podrá ser exenta o adosada, permitiéndose adosar cuando exista medianera vista o si se trata de un proyecto de edificación conjunta o hubiese acuerdo entre lindantes. En los otros casos el retranqueo a linderos debe ser como mínimo de 3 metros.

Ocupación máxima en la parcela: 50 %

Condiciones de edificación

Edificabilidad máxima: 1,25 m²/m²

Altura de la edificación: Número plantas: bajo + una planta y el aprovechamiento bajo cubierta, computándose a todos los efectos la edificabilidad consumida en espacios de altura superior a 1,5 metros. Se admite la planta sótano.

Altura máxima: 6,5 metros de altura.

Altura de coronación: 4 metros por encima del último forjado.

Elementos arquitectónicos - Cerramientos de parcela: Sólo se permitirá el cerramiento de las parcelas con elementos opacos de buen acabado hasta una altura máxima de 1 metro, pudiéndose aumentar dicha altura mediante elementos diáfanos hasta una altura de 1,00 m. En el caso de cierres realizados con piedra natural, la parte ciega puede alcanzar una altura máxima de 1,5 metros.

Cuerpos volados: Se autorizan cuerpos volados como elementos exentos añadidos al cuerpo principal, como galerías y miradores.

Las características y dimensiones de estos elementos serán las definidas en las condiciones generales de edificación permitiéndose a partir de la primera planta.

Balcones: No se permite sobresalir con balcones sobre los cuerpos volados. En el resto de los casos, se autorizan hasta un vuelo máximo de 60 cm con separación mínima a medianerías de la misma magnitud.

Construcciones auxiliares: Se autoriza una construcción auxiliar por parcela, siendo obligatoriamente de una sola planta y una altura máxima de 3,0 m., computándose su edificabilidad y ocupación a partir de 30 metros.

Cornisas y aleros: El vuelo máximo de aleros y cornisas será de 30 cm.



Condiciones ambientales y estéticas. Los edificios quedarán integrados en la entidad de los núcleos tradicionales con volúmenes similares a los existentes.

Se conservarán los muros de piedra de cerramiento, las estructuras portantes y los huecos de piedra, los balcones y galerías tradicionales que pudieran existir.

Cerramientos exteriores y materiales: La volumetría, composición, naturaleza, textura y color de los materiales serán acordes con los utilizados en el proceso de formación del paisaje histórico. Se prohíbe el empleo de materiales cuya entidad distorsione la armonía existente o sean de naturaleza extraña al medio, como los cerramientos de bloques sin enfoscar ni pintar que no sean de terminación para ser vistos, o los de ladrillo visto sin arraigo en el medio.

Las carpinterías podrán ser de madera, P.V.C., o de aluminio, pero en este último caso se prohíben los colores metálicos anodizados, debiendo estar lacados de blanco u otro color.





Vista a proposta de xustificación documental e pagamento de subvención emitido polo Técnico de Deportes, Javier Sampedro Sampedro, de data 29/11/2024, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e o Club Náutico Deportivo de Riveira, co obxecto de promocionar o deporte, en especial dos deportes náuticos.

Visto o informe de intervención e tesourería emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 09/12/2024.

Vista a documentación que consta no expediente.



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e o Club Náutico Deportivo de Riveira, co obxecto de promocionar o deporte, en especial dos deportes náuticos, por importe de 3.500,00 € en concepto de subvención correspondente ao exercicio 2024.

17.- APROBACIÓN DE PREZO PÚBLICO (ESPECTÁCULO “MONSTROS”)

Vista a **proposta de aprobación de prezo público** da Alcaldía, de data 02/12/2024, na que solicita a aprobación de prezo público para as entradas para o espectáculo “Monstros”.

Visto o informe conxunto emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, e polo Tesoureiro Municipal, Félix Carrasco del Pozo, de data 09/12/2024.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- 1.- Autorizar a celebración do espectáculo “Monstros”.
- 2.- A aprobación do **prezo público** para as entradas para o espectáculo “Monstros”, por importe total de **4,00 €**.
- 3.- **Aprobar** a normativa de adquisición das entradas, según o sinalado na citada proposta.
- 4.- **Publicar un anuncio** que dea conta da aprobación do prezo público, tanto no Taboleiro Oficial de Anuncios do Concello, como nas dependencias do servizo que organize a actividade, que deberá ser exposto desde o día seguinte ao de adopción do presente acordo, e non poderá ser retirado ate que as actividades previstas teñan rematado.

18.- APROBACIÓN REGULAMENTO RÉXIME INTERNO E CALENDARIO LABORAL 2024-2025 - OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO TAHUME X

Vista a resolución pola que o Concello de Ribeira resultou beneficiario dunha subvención ao abeiro da Orde do 7 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de obradoiro duals de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024 (DOG núm. 38 do 22/02/2024), para levar a cabo o Obradoiro dual de Emprego Tahume X.

Visto o “*Regulamento de Réxime Interno*” redactado polo equipo directivo e docente do Obradoiro dual de Emprego Tahume X.

Visto o “*Calendario laboral 2024-2025 do persoal do Obradoiro dual de Emprego Tahume X*”.

Vista a **proposta de resolución** presentada pola Concelleira Delegada de Promoción Económica, Emprego e Consumo, Genoveva Betanzos Fernández, de data 09/12/2024, relativa á aprobación do Regulamento de Réxime Interno e Calendario Laboral 2024-2025 do Obradoiro Dual de Emprego Tahume X.



A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Primeiro.- Aprobar o Regulamento de Réxime Interno, “TAHUME X”, que se recolle como anexo na citada proposta de resolución.

Segundo.- Aprobar o calendario laboral 2024-2025 do persoal do Obradoiro dual de Emprego Tahume X que se recolle como anexo na citada proposta de resolución.

19.- AUTORIZACIÓN DE USO DO POLIDEPORTIVO ALCALDE TORRES COLOMER AO CLUB NATURAL SPORT VIDELGI, PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE “INTERNATURAL”

LOGO DE VER que D. José Francisco Agrelo Lema, en representación do Club Natural Sport Videlgi, presenta escrito de data 17/10/2024, con número de rexistro de entrada municipal 25.992, solicitando autorización para realizar un evento de promoción do deporte base, denominado “INTERNATURAL”, os días 27e 28 de decembro de 2024, no polideportivo Alcalde Torres Colomer de Palmeira.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- Segundo a *lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local*; no título II *O Municipio*; capítulo III *Competencias*; artigo 25; punto 2. ; apartado I) di: “*Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer.*”
- Na Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais do concello de Ribeira, establece no artigo 7- Exencións e bonificacións, o seguinte:
“Atendendo o interese social, cultural e formativo, os actos deportivos de carácter afeccionado poderán gozar dunha bonificación de ata o 100% das tarifas”.
- O pavillón Alcalde Torres Colomer non ten actividade programada para as datas solicitadas.

E DE VER o informe-proposta do técnico de deportes municipal de data 03-12-24, así como a proposta de resolución do Concelleiro Delegado de Deportes, Xabier Vidal peón, de data 04-12-2024, favorables á mesma con condicionantes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **acordo**:

Sexa autorizada a cesión do polideportivo Alcalde Torres Colomer ao Club Natural Sport Videlgi”, para a celebración do evento “INTERNATURAL”, cos seguintes condicionantes:

- A autorización será gratuíta**, conforme o artigo 7º.2 da “*Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais*”, o tratarse dunha actividade de carácter social e formativa.
- A cesión das instalacións será só para os días **27e 28 de decembro (27 pola tarde e 28 todo o día)**.
- O solicitante deberá comprometerse a deixar as instalacións nas mesmas condicións que estaban antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioro que puideran orixinarse por un uso inadecuado.
- Os organizadores deberán ter en conta os requisitos que regulamentariamente se deben cumprir para a organización de eventos deportivos nos ámbitos sanitario, da seguridade e da responsabilidade.



- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscibirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa (Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).
- Calquera gasto derivado desta cesión de uso e que se relacione coa actividade correrá a cargo do solicitante (publicidade, asistencia técnica, apertura fora do horario habitual, ...).
- En caso de haber calquera incidencia reseñable durante o período de cesión da instalación (accidente, altercado u outros), deberá ser comunicada aos responsables da Oficina de Deportes coa maior brevidade posible.
- Pola celebración de actividades municipais u outras que a Xunta de Goberno Local considere oportunas, poderase suspender esta autorización cun previo aviso de 48 horas, intentando dar unha alternativa ao solicitante.
- Comunicar a celebración do evento e a posible concentración de persoas á Policía Local de Ribeira.

20.- APROBACIÓN DO BORRADOR DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIBEIRA E O LICEO MARÍTIMO DE RIBEIRA

VISTA a proposta presentada polo Concelleiro Delegado de Servizos Sociais, Vicente Mariño de Bricio, de data 18/11/2024, para a aprobación do borrador do Convenio de Colaboración entre o Concello de Ribeira e o Liceo Marítimo de Ribeira.

VISTO que o obxecto do devandito convenio consiste en colaborar no financiamento de proxectos encamiñados a diminuír a influencia dos factores sociais que conducen a situacións de exclusión social, apoiando accións orientadas á mellora da saúde psicosocioeducativa e a calidade de vida de persoas como a infancia e a adolescencia. Programa Abertos á Comunidade.

VISTO o informe que obra no expediente do Interventor Xeral da Corporación, de data 10/12/2024.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, **acorda** por unanimidade dos seus membros:

Primeiro.- Aprobar o borrador do Convenio Colaboración entre o Concello de Ribeira e o Liceo Marítimo de Ribeira; cunha consignación por importe de 2.500,00 € na aplicación orzamentaria 231A 48028 en concepto de subvención.

Segundo.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

21.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Verónica Elena Nogueira Carrera (O DA RUBIA)

VISTO o escrito presentado por **Verónica Elena Nogueira Carrera** en representación



establecemento “Café Bar O da Rubia” (Ribeira), de data 09/12/2024 (Rexistro de entrada nº 29.884), no que solicita permiso para evento musical no establecemento hostaleiro “Café Bar O da Rubia” (Ribeira), o día 14/12/2024, en horario de 20:00 h. a 02:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Conceder autorización a Verónica Elena Nogueira Carrera, para eventos musicais no establecemento hostaleiro “Café Bar O da Rubia” (Ribeira), o día 14/12/2024, en horario de 20:00 h. a 02:00 h.

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de “Café Bar O da Rubia” (Ribeira) (**Verónica Elena Nogueira Carrera**), deberá estar localizado en todo momento para o cal **deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto** coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumplan as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respetar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”*
- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”*
- *O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”*
- *O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.”*

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa



vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

22.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN EXTERIOR DE LOCAL DE HOSTALERÍA CON INSTALACIÓN DE BARRA PORTÁTIL – Francisco Pérez Otero (VENTOS VELLO)

VISTO o escrito presentado por **Francisco Pérez Otero** en representación establecemento “Bar Ventos Vello” (Ribeira), de data 09/12/2024 (Rexistro de entrada nº 29.911), no que solicita permiso para evento musical no exterior do establecemento hostaleiro “Bar Ventos Vello” (Ribeira), o día 31/12/2024, en horario de 17:30 h. a 20:00 h.; así como a instalación de barra portátil.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Conceder autorización a Francisco Pérez Otero, para evento musical no establecemento hostaleiro “Bar Ventos Vello” (Ribeira), o día 31/12/2024, en horario de 17:30 h. a 20:00 h.; así como a instalación de barra portátil como apoio para a celebración do citado evento.

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de “Bar Ventos Vello” (Ribeira) (**Francisco Pérez Otero**), deberá estar localizado en todo momento para o cal deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.



TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumplan as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”
- O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”
- O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”
- O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.”

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.



- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

23.- CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS, LIÑA DE EDUCACIÓN (CENTROS EDUCATIVOS E ASOCIACIÓNS DE NAIS E PAIS) - ANO 2021

Vista a acta da Comisión Avaliadora de Educación da convocatoria de subvencións para colexios e asociación de nais e pais, ano 2021, de data 10/12/2024, relativa á adxudicación das subvencións para entidades sen ánimo de lucro, Liña de Educación, ano 2021.

Vista a documentación que consta no expediente.

Visto o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 10/12/2024.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar a concesión de achegas das solicitudes presentadas, polos importes de subvención que corresponden aos centros educativos e ANPAs, segundo o contido da citada proposta, e que a continuación se relacionan:

ENTIDADE	TOTAL PUNT.	IMPORTE DE SOLICITADO	CONTÍA 17,647 € X PUNTO	IMPORTE SUBVENCIÓN
CEIP de Fríons	60	453,54	1058,82	453,54
ANPA Palmeira	90	1586,00	1588,23	1586,00
ANPA A Guía	60	392,005	1058,82	392,005
ANPA Santa Uxía do CEIP O Grupo	75	1230,00	1323,52	1230,00
CEP de Carreira	55	387,09	970,585	387,09
	340	4048,635		4048,635

24.- AUTORIZACIÓN INSTALACIÓN ESPELLO DE TRÁFICO EN AVENIDA DA CORUÑA (RIBEIRA) – Comunidade de Garaxes “Avenida da Coruña, 70”

Visto o escrito presentado por Emilio Picanes Mosquera en representación de Asesoría Beni García, e á sua vez da **Comunidade de Garaxes “Avenida da Coruña, 70”**, de data 25/09/2023 (Rexistro de entrada nº 22.185), no que solicita a instalación dun espello de tráfico na Avenida da Coruña, nº 70 (Ribeira), para ter maior visibilidade ao incorporarse á vía



pública.

Visto o informe emitido en sentido favorable pola Policía Local, de data 06/12/2024.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar** a instalación dun espello de tráfico na Avenida da Coruña, nº 70 (Ribeira), segundo o contido no citado informe policial.
- O importe de adquisición e mantemento do citado espello deberá ser financiado por conta do solicitante, ao tratarse dunha entrada/saída de garaxe dunha colectividade determinada de usuarios.
- A instalación do espello será a cargo do Concello de Ribeira

25.- PROPOSTA DE REORDENACIÓN DE TRÁFICO EN AGUIÑO

Vista a proposta presentada pola Policía Local, de data 09/12/2024, relativa á reordenación de tráfico en Aguiño, e na que expón:

“Na extensa barriada situada en Aguiño entre as rúas de A Cerca, Celeirás, Xunqueira e Francisco Lorenzo Mariño, debido aos problemas de circulación derivada da falta de prazas de aparcamento nas vías públicas de toda a zona porque son estreitas e todas de dobre sentido de circulación, con certa frecuencia se producen conflitos entre os condutores e usuarios, sobre todo na época estival que é cando mais difícil resulta atopar sitio para aparcar e, consecuentemente, cando mais a miúdo é requerida a intervención dos axentes encargados da vixianza do tráfico por casos de obstaculización do tráfico que conlevan as correspondentes denuncias polas infraccións de tráfico que observen.

Por todo iso e polas peticións de cada vez mais veciños afectados, se elabora o presente informe co obxecto de compatibilizar a necesaria seguridade viaria coa fluidez do tráfico e contar con suficiente espazo libre na vía pública para o aparcamento dos seus vehículos.

Partindo de esa idea e tendo en conta que as mencionadas rúas de A Cerca, Xunqueira, Celeirás e Francisco Mariño, e inclusive a de A Muralla, constitúen as principais vías de comunicación que circunvala toda a barriada, pois son esas as que están millor configuradas para que o tráfico discurra con fluidez dado que son as mais amplas, practicamente rectas e con boa visibilidade nos cruces das vías que conflúen nelas.

Ademais, ditas vías son as únicas que posúen tales características e que permiten establecer un óptimo entramado para dispoñer de mais prazas de aparcamento, sobre todo nas vías que circunda, ao tempo que se logra unha axeitada fluidez da circulación coa necesaria seguridade viaria, o que beneficia tanto aos propios residentes como aos usuarios visitantes. Por todo iso, considero que estas concretas rúas deberían seguir sendo de dobre sentido de circulación e de paso preferente con respecto as demais vías (de sentido único) que conflúan nelas.

Compre ter en conta, asimesmo, que xa é de sentido único o treito da rúa das Américas cuxo acceso o ten dende o cruce coa rúa Francisco Lorenzo Mariño, preto da Casa do Mar, e conflúe coa rúa Pinisqueira; e tamén é de sentido único o treito da rúa da Cruz que vai dende o cruce coa rúa Francisco Lorenzo Mariño ata o cruce coa rúa das Américas.

Conforme as anteriores premisas, se elaborou un borrador do presente proxecto para expoñelo ante os veciños do lugar que concorreron á convocatoria previamente acordada con eles, celebrada na propia rúa Pinisqueira ás 12:30 horas do día 19/11/2024, o Sr alcalde, Luis Pérez Barral, xunto co 1º tenente de alcalde, Vicente Mariño De Bricio, e o Inspector Xefe da PL, que suscribe o presente informe.

Nesa reunión todos os veciños alí presentes mostraron a súa conformidade co borrador de este proxecto coa salvedade de que a rúa Pinisqueira fose de un só sentido, de baixada, é dicir, dende o cruce coa rúa Celeirás cara o cruce coa rúa Francisco Lorenzo Mariño e así poder aparcar en toda a marxe dereita, lonxitudinalmente. Posto que ningún dos alí presentes aduceu maiores inconvintes, a conformidade de todos os presentes, autoridades e veciños, foi unánime.”



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a proposta de reordenación do tráfico en Aguiño, nas rúas de A Cerca, Celeirás, Xunqueira e Francisco Lorenzo Mariño, segundo o contido da citada proposta policial.

26.- PROPOSTA DE SINALIZACIÓN DE LIMITACIÓN DE TONELAXE NA ESTRADA DP 7309

Visto o informe (Parte de servizo nº 13350) da Policía Local, de data 05/12/2024, relativo á necesidade de limitación de tonelaxe da estrada DP 7309, situada en lugar de Deán Grande (Ribeira), debido aos incidentes (atasco de vehículo/danos en inmoables) que poden provocar ao permitirse a circulación de vehículos de gran tonelaxe.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Remitir á Deputación Provincial da Coruña, entidade titular da estrada DP 7309, os partes de servizo da Policía Local coas suxerencias de sinalización de limitación de límite de peso a 3,5 toneladas.
- Instar á Deputación para que proceda á instalación da sinalización necesaria á maior brevidade posible para evitar posibles incidentes na estrada DP 7309.

27.- APROBACIÓN INICIAL PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR DO POLÍGONO 27 (CASTIÑEIRAS) DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE RIBEIRA. PROMOTORA: CORPORACION MERCANTIL GARO RIVEIRA, S.L.

En relación co expediente de aprobación do **Plan Especial de Reforma Interior do Polígono 27 (Castiñeiras)** que se está tramitando neste Concello, emito o seguinte informe-proposta de resolución, de conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, con base aos seguintes,

ANTECEDENTES DE FEITO:

Primeiro:- Documentación técnica obrante no expediente, Borrador de Plan Especial de Reforma interior do Polígono 27 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Ribeira, redactado polos arquitectos Don Manuel Carbajo Capeáns e Don Celso Barrios Ceide en Outubro de 2023, Plan Especial de Reforma interior do Polígono 27 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Ribeira, redactado polos arquitectos Don Manuel Carbajo Capeáns e Don Celso Barrios Ceide, asinado dixitalmente o 6 de agosto de 2024, Declaración Responsable da coincidencia entre soportes, asinado dixitalmente o día 6 de agosto de 2024, polo arquitecto Redactor do PERI Don Manuel Carbajo Capeáns así como o Escrito de alegacións, sen sinatura e Código Seguro de verificación 07E80015C0F000Z6K1F6Z0L1U6, presentado no Rexistro Xeral do Concello de Ribeira o 30 de outubro de 2024.

Segundo:- Informe Ambiental estratéxico relativo ao plan especial de reforma interior do polígono 27 do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira, da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, da Xunta de Galicia, asinado dixitalmente pola Xefa do Servizo de Avaliación Ambiental de Plans, Dña. María Carmen Paz Cornes o día **15 de abril de 2024**, e pola Directora Xeral Dña. María Pérez Castellanos o día **24 de abril de 2024**.



Terceiro:- Informe de suficiencia de infraestructura de telecomunicaciones da empresa Telefónica de España, S.A.U., presentado no Rexistro Xeral do Concello de Ribeira o **12 de febreiro de 2024**, (rexistro de entrada nº 3.518), **Informe de suficiencia de subministro de gas natural**, da empresa Nedgia Galicia, presentado no Rexistro Xeral do Concello de Ribeira o **5 de marzo de 2024**, (rexistro de entrada nº 5.558), **Informe de suficiencia de subministro de Auga Potable e das redes de saneamento**, da empresa concesionaria do Servizo Municipal de Augas, Viaqua, presentado no Rexistro Xeral do Concello de Ribeira o **18 de xuño de 2024**, (rexistro de entrada nº 15.741), **Informe da Enxeñeira Municipal** Dona Uxía Landeira Pereira, do **5 de Agosto de 2024**, concluíndo que as liñas eléctricas existentes na zona e que, no seu caso, se do plan en execución resulta a necesidade de conectar as novas redes de infraestruturas cos sistemas xerais existentes, incluíndo o reforzo destes últimos, ou de variar unha liña de enerxía eléctrica existente, os custes destas actuacións corresponderán, con carácter xeral, aos propietarios dos terreos do ámbito de actuación.

Cuarto:- Informe técnico emitido o día **11 de novembro de 2024** polo **arquitecto municipal** Óscar Pidre Mosquera tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente respecto á documentación obrante no expediente e a conseguinte aprobación inicial do Plan Especial de Reforma interior do Polígono 27 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Ribeira, co seguinte tenor literal:

(...)

INFORME DE LICENZA

Exp.: 2024 PLAN000001

Solicitante	CORPORACIÓN MERCANTIL GARO RIVEIRA SL
DNI/CIF	B-70.575.337
Situación	Polígono 27, Castiñeiras, Ribeira
Rexistro de entrada/Data	202300024956 / 25 de outubro de 2023
Domicilio a efectos de notificación	-----
Orzamento de execución material	180.797,36 €
Obras solicitadas	Plan Especial de Reforma Interior do Polígono 27 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Ribeira
Nº Expediente	2024/ PLAN000001
Ref. Catastral	15074A019000344, 15074A01901343, 15074A01901370, 15074A01900346, 15074A01900345, 15074A01900347, 15074A01901302 e 15074A01900350

Don Manuel Carbajo Capeáns, con NIF 33.300.200-H, en representación da Corporación Mercantil Garo Riveira, S.L., con CIF B-70.575.337, presentou Plan especial de Reforma Interior do Polígono 27 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Ribeira, para a súa tramitación e posterior aprobación, polo que,

Informo,

ANTECEDENTES

Borrador de Plan Especial de Reforma interior do Polígono 27 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Ribeira, redactado polos arquitectos Don Manuel Carbajo Capeáns e Don Celso Barrios Ceide en Outubro de 2023, e presentado no Rexistro Xeral do Concello de Ribeira o 25 de outubro de 2023, co número de Rexistro 202300024956.



Informe de suficiencia de infraestrutura de telecomunicacións da empresa Telefónica de España, S.A.U., presentado no Rexistro Xeral do Concello de Ribeira o 12 de febreiro de 2024, co número de rexistro 202400003518.

Informe de suficiencia de subministro de gas natural, da empresa Nedgia Galicia, presentado no Rexistro Xeral do Concello de Ribeira o 5 de marzo de 2024, co número de rexistro 202400005558.

Informe Ambiental estratéxico relativo ao plan especial de reforma interior do polígono 27 do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira, da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, da Xunta de Galicia, asinado dixitalmente pola Xefa do Servizo de Avaliación Ambiental de Plans, Dona María Carmen Paz Cornes o día 15 de abril de 2024, e pola Directora Xeral Dona María Pérez Castellanos o día 24 de abril de 2024, presentado no Rexistro Xeral do Concello de Ribeira o 24 de abril de 2024, co número de Rexistro 202400010256; indicando que:

“non prevemos que o plan teña efectos significativos no medio ambiente, pero deberían atenderse os seguintes requisitos ou condicións:

1)De acordo co sinalado pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, para garantir a adaptación das determinacións do plan especial aos principios, normas e criterios do POL, teranse en conta os seguintes aspectos:

-Contención na ocupación do solo e adecuación morfolóxica e ao relevo: No apartado 1.6 da memoria xustificativa, relativo ao cumprimento do PXOM e da LSG, indícase como altura máxima prevista na ordenación do PERI a de B+3, o que deberá corrixirse posto que a altura máxima prevista na ordenanza 6.3a) do PXOM é de 6,5 m, que é a axeitada para acadar a integración coas edificacións existentes. En canto á adaptación ao relevo, bótase en falla a realización, cando menos, dalgunha sección en dirección norte-sur do ámbito na que se poda apreciar a inserción dos volumes edificados no terreo así como a sinalización en planta da área de movemento da edificación, ou unha imaxe da ordenación proposta, o que se engadirá no documento que se someta a aprobación inicial. En todo caso, enténdese que a fragmentación propia da tipoloxía de vivenda unifamiliar posibilita o seu abancalamiento ao longo do vial proxectado, polo que non son previsibles especiais impactos derivados da adecuación á topografía.

-Fomento da conectividade e permeabilidade, adecuación e naturalización dos espazos libres: Cómpre manter, dentro do posible, a permeabilidade visual norte-sur dende a estrada provincial cara a costa, para o que novamente resulta preciso coñecer a área de movemento das edificacións propostas, tentando que as áreas libres privadas, xunto co novo vial, actúen como franxa libre de edificación que permita esta visibilidade. Asemade, precisarase na normativa que os cerramentos terán unha permeabilidade no seu deseño compatible con ela, restrinxindo a altura da zona opaca ao mínimo imprescindible. Incluírase na normativa do plan especial, como prescricións para os proxectos de urbanización que se redacten, as referencias que o borrador e o documento ambiental fan á naturalización da urbanización e ao mantemento da permeabilidade do solo.

-Tratamento da fachada marítima: O límite sur do ámbito que dá á rúa do Canal conforma a súa fachada cara á costa, apantallado en grande parte por outras construcións en torno ao peirao e Punta de Ameixida. En todo caso, prevense nesta fronte dúas vivendas unifamiliares que manteñen a escala das edificacións existentes no resto desta fachada marítima, polo que non se producirán transformacións bruscas nela, de acordo co disposto no artigo 61 da normativa do POL, sempre e cando non se constrúa significativamente por riba da altura máxima das edificacións veciñas.

2) O plan deberá incluír de forma explícita a zonificación acústica da superficie de actuación (delimitación de áreas acústicas conforme aos usos pormenorizados do solo), en cumprimento do disposto no artigo 13 do Real decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, e no artigo 5.2 do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre a contaminación acústica de Galicia.”



Informe de suficiencia de subministro de Auga Potable e das redes de saneamento, da empresa concesionaria do Servizo Municipal de Augas, Viaqua, presentado no Rexistro Xeral do Concello de Ribeira o 18 de xuño de 2024, co número de rexistro 202400015741.

Informe da Enxeñeira Municipal Dona Uxía Landeira Pereira, do 5 de Agosto de 2024, concluíndo que as liñas eléctricas existentes na zona e que, no seu caso, se do plan en execución resulta a necesidade de conectar as novas redes de infraestruturas cos sistemas xerais existentes, incluíndo o reforzo destes últimos, ou de variar unha liña de enerxía eléctrica existente, os custes destas actuacións corresponderán, con carácter xeral, aos propietarios dos terreos do ámbito de actuación.

Plan Especial de Reforma interior do Polígono 27 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Ribeira, redactado polos arquitectos Don Manuel Carbajo Capeáns e Don Celso Barrios Ceide, asinado dixitalmente o 6 de agosto de 2024, e presentado no Rexistro Xeral do Concello de Ribeira o 6 de agosto de 2024, co número de Rexistro 202400019968.

Declaración Responsable da coincidencia entre soportes, asinado dixitalmente o día 6 de agosto de 2024, polo arquitecto Redactor do PERI Don Manuel Carbajo Capeáns

Escrito de alegacións, sen sinatura e Código Seguro de verificación 07E80015C0F000Z6K1F6ZOL1U6, presentado no Rexistro Xeral do Concello de Ribeira o 30 de outubro de 2024, co número de Rexistro 202400026913, alegando ao requirido anteriormente.

2.-OBJECTO DO INFORME

Infórmase dende punto de vista técnico un Plan Especial de Reforma interior , para comprobar a súa conformidade coa legalidade urbanística.

2.-LEXISLACIÓN APLICABLE

- ☐ Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG
- ☐ Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG
- ☐ Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira aprobado definitivamente o 12.07.2002, en adiante PXOM
- ☐ Modificación puntual núm.3 do PXOM aprobada definitivamente o 02.03.2020 e denominada "Ordenanza 8.3 das normas urbanísticas do Plan Xeral de Ordenación de Ribeira" coa publicación da súa normativa no BOP con data 24.04.2020, en adiante MP03PXOM
- ☐ Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, en adiante PBA
- ☐ Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral, en adiante POL
- ☐ Real Decreto 314/2006, de 17 de marzo, polo que se aproba o Código Técnico da Edificación, en adiante CTE

4.-CONSIDERACIÓNS:



4.1.Documentación achegadaPresentouse un Plan Especial de Reforma interior, do polígono 27 do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira, da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, da Xunta de Galicia, en Ribeira, acompañado dun plan especial de reforma interior asinado polos arquitectos Don Manuel Carbajo Capeáns e Don Celso Barrios Ceide, asinado dixitalmente o 6 de agosto de 2024.

4.2.Normativa urbanística

As parcelas que compoñen este polígono, son o resultado de porcións de parcelas configurando o polígono P- 27 do PXOM de Ribeira, tal e coma se aprecia no plano 4.14 de clasificación e cualificación do solo e aliñacións en núcleos urbanos (Castiñeiras) a escala 1/2.000, e no plano



2.17 de Ordenación Básica do Territorio Municipal, clasificación do solo e usos globais sistema viario, a escala E:1/5.000.



A continuación inclúese un cadro de cumprimento da normativa indicada no PXOM para este Polígono específico, na ficha correspondente, e o seu grado de cumprimento neste proxecto

Parámetro	PXOM	Proxecto	Observacións
Superficie total do ámbito	5.200 m ²	4.681 m ²	CUMPRE (1)



Aproveitamentos lucrativos:	3.575 m ²	2.308 m ²	CUMPRE
Superficie de Cesións á Rede Viaria	900 m ²	1.086 m ²	CUMPRE
Clase de Solo	Urbano non consolidado	Urbano non consolidado	CUMPRE
Altura máxima:	B + 1	B + 1	CUMPRE
Usos:	Residencial Unifamiliar	Residencial Unifamiliar	CUMPRE
Ordenanza	Nº 6.2	Nº 6.3.A	CUMPRE (2)

- ⁽¹⁾ Segundo o Artigo 65.2, da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, indícase que “o planeamento de desenvolvemento poderá reaxustar, por razóns xustificadas, a delimitación dos sectores e áreas de reparto, sempre que non supoña unha alteración igual ou superior ao 10 % do ámbito delimitado polo plan xeral, aínda cando o reaxuste afecte á clasificación urbanística do solo. En todo caso, será necesaria a previa audiencia aos propietarios ou propietarias afectados”; por este motivo, e dado que se altera o ámbito nun 9,98 %, que é inferior ao 10% indicado na norma, esta modificación estará acorde á normativa urbanística de aplicación, **sendo precisa a previa audiencia aos propietarios ou propietarias afectadas.**
- ⁽²⁾ Polo mesmo motivo exposto no punto anterior, pódese modificar a clasificación urbanística do solo, modificando a ordenanza de aplicación de solo urbano, sendo acorde cos restantes parámetros de aplicación (número de plantas, clase de solo, usos), **sendo precisa a previa audiencia aos propietarios ou propietarias afectadas.**

A continuación inclúese un cadro de cumprimento da normativa indicada na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e o seu grado de cumprimento neste proxecto.

Parámetro	PXOM	Proxecto	Observacións
Superficie mínima de Espazos Libres	10% do ámbito (468,10 m ²) 18 m ² /100 m ² edificables (414,14 m ²)	470 m ² ≥ 468,10 m ² 470 m ² ≥ 414,14 m ²	CUMPRE
Superficie mínima Equipamentos	10 m ² /100 m ² edificables (230,80 m ²)	240 m ² ≥ 230,80 m ²	CUMPRE
Número mínimo prazas aparcamento	1 praza/100 m ² edificables (23,08 prazas ≈ 24 prazas)	24 prazas ≥ 24 prazas	NON CUMPRE (*)
Número mínimo prazas aparcamento en Dominio Público	¼ en dominio público (6 prazas)	6 prazas ≥ 6 prazas	CUMPRE



Número mínimo de árbores	1 árbore/100 m ² edificables (23,08 árbores ≈ 24 árbores)	24 árbores ≥ 24 árbores	CUMPRE
Reserva de Solo para vivenda suxeita a algún réxime de protección pública	6,8% da edificabilidade residencial prevista (156,89 m ²)	157 m ² ≥ 156,89 m ²	NON CUMPRE (**)

(*) Indícase que se inclúen estas prazas, pero estas prazas de aparcamento deberán reflectirse en planos de ordenación.

Alégase que “El Plan Especial de Reforma Interior presentado (en adelante, PERI) localiza Las reservas de aparcamiento en el dominio público, concretamente 6, dejando sin graficar las plazas correspondientes a las que se deben localizar en las parcelas con aprovechamiento lucrativo ya que su localización concreta se definirá en los correspondientes proyectos constructivos, no siendo obligatoria su localización en la fase procedimental en la que nos hallamos, de conformidad con lo establecido en los artículos 54 y concordantes de la Ley 2/2016, de 10 de febrero, del suelo de Galicia, y artículo 106 y concordantes del Decreto 143/2016, de 22 de septiembre, por el que se aprueba el Reglamento de la Ley 2/2016, de 10 de febrero, del suelo de Galicia”.

O artigo 54 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, refírese ás determinacións en solo urbano non consolidado, non se refire á obrigatoriedade ou non da definición das prazas de aparcamento precisas nesta fase procedimental. De calquera xeito, a definición destas prazas de aparcamento deberá formalizarse de algún modo, ben sexa na normativa específica que se define neste Plan Especial, ou ben representándoa en planos. A Ordenanza de aplicación non define o número de prazas de aparcamento obrigatorias en función dos metros cadrados construídos, de cara á súa posible esixencia nun futuro, e nos planos non se define a súa localización; o único requisito de cara á posible implantación destas prazas de aparcamento se recolle no artigo 111 do PXOM de Ribeira, onde se indica que “os edificios destinados a vivenda contarán con unha praza de aparcamento por vivenda”; tendo en conta que se prevé unha superficie solo de uso residencial de unha parcela de 2.591 e outra de 293 m², que poderán dividirse, segundo a súa configuración actual, nun máximo de 5 parcelas (a parcela de 2.591 m², poderá dividirse nun máximo de 5 parcelas edificables, e a parcela de 293 m², non poderá dividirse en parcelas edificables por non acadar a parcela mínima); polo que segundo a normativa actual, e a recollida no PERI, só poderían exixirse 5 prazas de aparcamento, polo que as restantes 13 prazas, terán que exixirse doutro xeito, o que fai con que se **deba subsanar esta cuestión antes da aprobación definitiva deste Plan.**

()** Segundo o artigo 42.9 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, “os plans xerais deberán prever unhas reservas de solo para a vivenda suxeita a algún réxime de protección pública que, coma mínimo, comprenderán os terreos precisos para realizar o 30 % da edificabilidade residencial prevista pola ordenación urbanística no solo urbanizable e no solo urbano non consolidado regulado no artigo 17.b).1. Esta proporción será do 10 % no suposto do solo urbano non consolidado regulado no artigo 17.b).2. No suposto do solo urbano non consolidado regulado no artigo 17.b).3 non será obrigatorio prever unha reserva para vivenda suxeita a algún réxime de protección.

Excepcionalmente, os plans xerais, en atención á demanda real de vivenda protexida, poderán fixar unha reserva inferior axustada á porcentaxe de reserva total de solo para



vivenda protexida do Concello y aos diferentes rexímenes de vivenda protexida. A porcentaxe de reserva total do Concello determinarase anualmente polo Instituto Galego de la Vivenda e Solo, en base aos inscritos no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia. A resolución que determine esta porcentaxe será obxecto de publicación no «Diario Oficial de Galicia». Na RESOLUCIÓN de 31 de xaneiro de 2023 pola que se publican as porcentaxes de reserva de solo para vivenda protexida correspondentes ao ano 2023, publicado no Diario Oficial de Galicia do 13 de febreiro de 2023, indícase unha porcentaxe de reserva de solo para vivendas protexidas por Concello de mais de 5.000 habitantes, correspondente ao Concello de Ribeira, dun 6,8 %, co cal, a porcentaxe incluída é acorde ca exixida, sen embargo, deberá definirse que porción de terreo será destinada á reserva de vivenda protexida, nos planos aportados.

